

31

**Ordenanza de Servizos do  
Concello de Mos**



\* \* \*

**M O S**  
**ANUNCIO**

Aprobado inicialmente en sesión do Pleno deste concello do 24.11.2011, a Ordenanza de Servizos do Concello de Mos, e non presentándose alegacións no prazo de exposición ao público ó que se someteu, enténdese definitivamente aprobado en aplicación do sinalado polo art. 49 da Lei 7/1985, procedéndose a súa entrada en vigor, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días referido polo art. 65.2, por remisión do 70, ambos da Lei 7/1985.

**“ORDENANZA DE SERVICIOS DO CONCELLO DE MOS****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A Directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa transposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; asemade, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e; a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que implica unha importante modificación do réxime de control das actividades polos Concellos.

Así mesmo, a recentemente aprobada Lei de economía sostible (Lei 2/2011, do 4 de marzo) reforma a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que agora dispón no seu novo artigo 84 bis o seguinte:

“Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non se encontra xa cuberto mediante outra autorización xa existente.”

A Lei de economía sostible engade un artigo 84 ter. á Lei de bases de réxime local coa seguinte redacción:

«Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as Entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio desta polo interesados previstos na lexislación sectorial.»

Finalmente, o artigo 42 da Lei de economía sostible reforma o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e concretamente a letra i) do artigo 20.4º, que agora establece que se cobrarán as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo.

Así pois, é preciso regular o procedemento de comunicación nunha nova ordenanza e establecer as actividades que quedan excluídas deste mecanismo de control que con carácter xeral se establece no artigo 84 bis da Lei de bases do réxime local para as actividades.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que o propio artigo 84, bis xa establece os criterios polos que certas actividades quedan excluídas desta declaración responsable, como son a protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.

En segundo lugar, tamén debe terse en conta que seguen en vigor as normas que regulan procedementos especiais para autorización de certas actividades, como son o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas ou o Decreto da Xunta 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental; nestas normas esíxese que se abran períodos de información pública dado que se trata de actividades que lle afectan á tranquilidade e saúde dos veciños, e se require que outras Administracións concedan a súa autorización previamente á concesión da licenza municipal.



Por outra banda, se ben se entende que o réxime de autorización previa en materia de licenzas urbanísticas non está contemplado na Directiva 2006/123/CE xa que, as particularidades propias do ámbito urbanístico e as razóns de interese xeral impedirían que con carácter xeral se establecera un réxime de comunicación previa para todas as actividades suxeitas a licenza urbanística, o certo é que o seu carácter de requisito previo que condiciona a liberdade de establecemento xustifica que a regulación que se efectúe das mesmas module o grao de intervención administrativa nesta materia.

Así, o feito de que estas licenzas se atopen excluídas da Directiva de servizos, non significa que nese ámbito non poidan tentarse aplicar os mecanismos da comunicación previa ou da declaración responsable para a posta en funcionamento de actividades sometidas a estes réximes, coa finalidade de non deixar sen contido material a transposición da Directiva 2006/123/CE.

O artigo 17.1 da lei 17/2009 do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o su exercicio, determina que "As administracións públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables ao establecemento e a presentación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación", en virtude desta facultade outorgada ás administracións públicas estímase procedente establecer un réxime xurídico simplificado de declaración responsable ou de comunicación previa para aquelas actuacións ou intervencións con escasa ou nula entidade técnica ou construtiva, e nas que non sexa necesaria a presentación de proxecto técnico que determine a necesidade dunha previa autorización ou licenza urbanística para poder levarse a cabo.

### **TÍTULO PRIMEIRO.**

#### **A COMUNICACIÓN PREVIA E A DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

##### **ARTIGO 1º.**

É obxecto da presente ordenanza establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios para o exercicio das actividades de servizos, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previstos na lexislación sectorial, precisos para o exercicio das mesmas polos interesados.

##### **ARTIGO 2º.**

1. Con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Non obstante, poderán someterse a licenza ou control preventivo aquelas actividades que lle afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada.

2. O desenvolvemento dunha actividade de servizos estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable segundo os casos, agás nos supostos nos que a presente ordenanza requira que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade.

##### **ARTIGO 3º.**

1. Entenderase como comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade.

2. Entenderase como declaración responsable o documento suscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou o inicio dunha actividade e, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter su cumprimento durante el período de tempo inherente a dicho recoñecemento o exercicio.

Os requisitos aos que se refire o parágrafo anterior están recollidos nos modelos oficiais que se incorporan como anexos a esta ordenanza.



3. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

**ARTIGO 4º.**

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

- 1. Instalación de máquinas expendedoras.
- 2. Despacho de pan e repostería sen obradoiro e sen zona de degustación.
- 3. Carnizarías sen obradoiro, zona de degustación nin equipos de frío superiores a 10 KW de potencia instalada.
- 4. Froitarías, ultramarinos e outros establecementos similares.
- 5. Locutorios telefónicos.
- 6. Establecementos comerciais, (tendas de roupa e calzado, obxectos de regalo, floraría, ópticas, librarías ou similares), cunha superficie de ata 150 m<sup>2</sup>.
- 7. Talleres artísticos e de reparación de reloxos, xoias, calzado, chaves, pequena maquinaria, electrodomésticos e similares cunha superficie de ata 150 m<sup>2</sup>.
- 8. Almacéns de produtos non tóxicos nin potencialmente inflamables de ata 150 m<sup>2</sup> de superficie.
- 9. Oficinas bancarias de ata 150 m<sup>2</sup> de superficie.
- 10. Oficinas abertas ao público, (axencias de viaxes, inmobiliarias, aseguradoras e xestorías), cunha superficie de ata 150 m<sup>2</sup>.
- 11. Academias reguladas e non reguladas, agás as de música, canto ou baile, cunha superficie máxima de 150 m<sup>2</sup>.
- 12. Estudos fotográficos cunha superficie máxima de 150 m<sup>2</sup> e sen revelado, en soto e planta baixa.
- 13. Consultas médicas cunha superficie de ata 150 m<sup>2</sup> sen raios X.
- 14. Salóns de beleza cunha superficie máxima de 150 m<sup>2</sup> sen raios UVA.
- 15. Servizo de copistería con superficie máxima de 150 m<sup>2</sup>.
- 16. Aluguer de maquinaria e vehículos cunha superficie máxima de 150 m<sup>2</sup>.
- 17. Transmisións de titularidade.

**ARTIGO 5º.**

Estarán sometidas ao trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

- 1. Actividade de almacenamento de obxectos e materiais sempre que a súa superficie sexa menor de 500 m<sup>2</sup> e a súa Qs sexa menor de 425 MJ/m<sup>2</sup>, agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras o neumáticos.
- 2. Industrias non suxeitas a Avaliación Ambiental (as definidas no anexo III do Decreto 133/2008, do 12 de xuño)

- 3. Establecementos comerciais de máis de 150 m<sup>2</sup> de superficie, con autorización autonómica no seu caso, agás os que se sitúen en Centros Comerciais autorizados.
- 4. Talleres de confección de calzado, marroquinería e téxtil.
- 5. Talleres de cristal e encadernación.
- 6. Carpintarías, ebanistarías e similares que non dispoñan de instalacións de pintura, vernizado ou lacado.
- 7. Parafarmacias, drogarías e perfumarías.
- 8. Centros veterinarios e tendas de animais.
- 9. Lavandarías e instalacións de limpeza en seco.
- 10. Oficinas administrativas cunha superficie superior a 150 m<sup>2</sup>.
- 11. Oficinas abertas ao público (axencias de viaxe, inmobiliarias, aseguradoras, xestorías, etc...) cunha superficie superior a 150 m<sup>2</sup>.
- 12. Establecementos de aluguer de maquinaria e vehículos cunha superficie superior a 150 m<sup>2</sup>.
- 13. Ximnasia e salóns de beleza con raios UVA e Centros de Spa .
- 14. Servizos de copistería de superficie maior a 150 m<sup>2</sup>.
- 15. Servizos informáticos e centros de Internet.
- 16. Centros relixiosos e culturais.
- 17. Actividades de garaxe e aparcadoiro de vehículos agás os de uso público e comerciais.
- 18. Carnizarías.
- 19. Panadarías.
- 20. Peixarías.
- 21. Establecementos de venda de alimentos de máis de 150 m<sup>2</sup> de superficie, supermercados, hipermercados, etc., con autorización autonómica no seu caso, agás os que se sitúen en Centros Comerciais autorizados.
- 22. Talleres de reparación mecánica e lavado e engraxe de vehículos, excluído os de chapa e pintura.
- 23. Consultas médicas con raios X e laboratorios.
- 24. Centros de día, gardarías e centros de ocio infantil.
- 25. Academias de música, canto ou baile .

**ARTIGO 6º**

A comunicación previa deberá incluír:

Impreso para o Exercicio de Actividades en Réxime de Comunicación Previa cuberto e asinado que figura no Anexo I da presente Ordenanza acompañado da seguinte documentación :

A.—Planos de situación e emprazamento exacto do local da actividade na cartografía oficial das NNSS vixentes.

B.—Memoria da actividade e planos do local a escala 1:100 que reflecta a distribución do local con indicación superficies, de usos, instalacións e mobiliario.

C.—Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compravenda).

D.—Copia do alta nas obrigas tributarias (IAE), onde se sinale o epígrafe fiscal propio da actividade e o local afecto á mesma. (En caso de sociedades, haberá que achegar copia da escritura de constitución da mesma Nos casos de sociedade civil ou comunidade de bens, deberá achegarse unha relación dos seus membros con copia dos seus DNI.



E.—Acreditación do uso do local (nota rexistral simple), co obxecto de comprobar a afección do local á actividade solicitada, no caso de que o local non esté en planta baixa.

**F.—XUSTIFICANTE ACREDITATIVO DO PAGO DAS TAXAS**

G.—Acreditación subscripta por técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable. (A acreditación cumprimentarase no modelo aprobado polo Concello, incluído no Anexo II da Ordenanza).

NOTA: No caso dos Cambios de Titularidade, deberán aportarse datos que permitan a identificación do expediente de autorización de actividade cuxo cambio se está a solicitar.

**ARTIGO 7º**

A declaración responsable deberá incluír:

Impreso para o Exercicio de Actividades en Réxime de Declaración Responsable que figura no Anexo III da presente Ordenanza e contén :

- a) O nome, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares.
- b) O nome, enderezo, teléfono e, no seu caso, o enderezo de correo electrónico do representante. (Se é o caso)
- c) A situación exacta do local da actividade.
- d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- e) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que a actividade vai desenvolverse de acordo coa normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

Acompañado da seguinte documentación :

A.—Planos de situación e emprazamento exacto do local da actividade na cartografía oficial das NNSS vixentes.

B.—Proxecto Técnico de Actividade, asinado por técnico competente, xustificativo da actividade, do establecemento e das instalacións do mesmo axustado ó Anexo I do C.T.E.

C.—Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou escritura de compravenda).

D.—Copia do alta nas obrigas tributarias (IAE), onde se sinale o epígrafe fiscal propio da actividade e o local afecto á mesma. (En caso de sociedades, haberá que achegar copia da escritura de constitución da mesma Nos casos de sociedade civil ou comunidade de bens, deberá achegarse unha relación dos seus membros con copia dos seus DNI.

E.—Acreditación do uso do local (nota rexistral simple), co obxecto de comprobar a afección do local á actividade solicitada, no caso de que o local non esté en planta baixa.

**F.—XUSTIFICANTE ACREDITATIVO DO PAGO DAS TAXAS**

G.—Acreditación subscripta por técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable.

(A acreditación cumprimentarase no modelo aprobado polo Concello, incluído no Anexo IV da Ordenanza)

**ARTIGO 8º.**

1. Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de construción ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a oportuna licenza e achegar a documentación técnica esixible, con independencia que se trate dunha actividade suxeita a comunicación previa ou declaración responsable.



2. Non obstante, aquelas actuacións de escasa entidade técnica e construtiva asociadas ás actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable que non precisen a presentación dun proxecto técnico e que non supoñan a necesidade de controlar aspectos urbanísticos, de accesibilidade ou de seguridade, como as de substitución de pavimentos, pintura, tarefas de adecentamento e limpeza dos locais, substitución de sanitarios e semellantes, poderán incluírse na correspondente comunicación previa ou declaración responsable da actividade, achegando para isto, unha memoria descritiva das obras que se van realizar, o orzamento por capítulos, plano de situación en cartografía oficial.

**ARTIGO 9º**

1. O Concello examinará a documentación achegada coa comunicación previa ou declaración responsable para comprobar si se axusta á normativa aplicable. No caso de que non se presente a documentación esixida nesta ordenanza, ou no suposto en que a documentación non cumpra cos requisitos establecidos pola normativa aplicable, o Concello ordenará o inmediato peche da actividade, ata que se proceda á emenda das deficiencias observadas.

**ARTIGO 10º.**

1. Una vez recibida a comunicación previa ou a declaración responsable o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os servizos técnicos municipais cursen as visitas de inspección precisas para comprobar que se axusta á normativa aplicable. A comunicación previa poderá presentarse dentro dun prazo de quince días posterior ó inicio da actividade.

2. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade dende o intre en que se teña constancia destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais e/ou administrativas en que poida incurrir o interesado.

A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao intre previo ao inicio da actividade.

3. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexuízos que poida causar.

**ARTIGO 11º.**

O Concello poderá verificar en calquera momento o cumprimento dos requisitos previstos na lexislación sectorial, precisos para o exercicio das actividades polos interesados. Para tal efecto, os servizos técnicos municipais realizarán as comprobacións oportunas e emitirá un informe ou acta dá inspección nos que quede constancia de que a actividade se axusta á normativa aplicable.

**ARTIGO 12º**

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación ou declaración responsable, ou cando o exercizo da actividade non se axuste á normativa aplicable ordenarase o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

**TÍTULO SEGUNDO.****A LICENZA DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE.****ARTIGO 13º.**

1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos supostos non suxeitos ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable contemplados na presente ordenanza.



**ARTIGO 14º.**

1. Nos supostos nos que deba solicitarse licenza de apertura ou de actividade, esta tramitarase de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso, e concederase xunto coa licenza urbanística cando sexa preciso a realización de obras de construción ou de acondicionamento.

2. Finalizadas, no seu caso, as obras de construción ou acondicionamento, os titulares da actividade notificaránlle ao Concello o seu remate achegando o certificado final do técnico director, boletíns dos instaladores e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, para que os servizos técnicos municipais cursen as pertinentes visitas de inspección.

3. En caso de que a actividade se axuste á documentación autorizada coa licenza de apertura ou actividade e cumpra a normativa aplicable, concederase a licenza de apertura de establecemento.

4. Non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente licenza de apertura.

***Disposición transitoria única.***

Os promotores dos expedientes que á entrada en vigor da presente ordenanza se atopasen en tramitación neste Concello, e se refiran a actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable, poderán acollerse a estes procedementos, presentando para elo a documentación prevista na presente ordenanza.

***Disposición Final***

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei /1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

**A N E X O S**

Inclúe esta ordenanza os seguintes anexos:

- I.—Modelo de Impreso para o Exercizo de Actividades en Réxime de Comunicación previa.
- II.—Modelo de certificación de cumprimento da normativa aplicable ás actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa.
- III.—Modelo de Impreso para o Exercizo de Actividades en Réxime de Declaración responsable
- IV.—Modelo de certificación de cumprimento da normativa aplicable ás actividades suxeitas ao réxime de declaración responsable”

Mos, a 26 de xaneiro de 2012.—A Alcaldesa, Nidia Mª Arévalo Gómez.

2012001258

\* \* \*